

## CATASÓS (Lalín)

### *Igrexa de Santiago de Catasós*

#### **CADERNO Nº3 (Fvar, 259-10)**

Catasós.- Lugares.- 14

Antuín - 10 Gate - 4

Catasós - 12 Quintela - 16

Puxallos - 4 Cerredo - 11

Torquedo - 12 Cobas - 10

Cabreira - 5 Casas Vellas - 3

Barrío - 17 Celemín - 17

Vellelle - 21 Don Freán (Pazo) - 12

(Nº de casas).

En Moneixas hai tradición de que ven o nome de un convento de Monxas.

Catasós - De cata-Sol

Catasós, catorce veciños e quince ladrós (o 15 é o cura, (díxoo el).

Casas Vellas, din que houbo alí un pazo do fillo dos Pardo Bazán. Son dúas casas.

O lugar de Vellelle véxase pasando a Maceira.

Moneixas.- Lugares.

Casas:

Coto - 16

Pedrouzo - 3

Moneixiñas - 9 (Aquí dín que era o noviciado).

Euxame - 9

Campiño - 2

Moneixas - 3

Regoufe - 5

Quintá - 2

Campos - 2

Outeiro - 13


Portobarreiro - 1

A eirexa queda no centro da parroquia.

Santiago de Catasós.- Catasós está no límite da terra agarimosa do centro do Deza e da montana de carqueixas e toxos, con retazos traballados da [en branco].

Deica aquí, chegamos por camiños encoyados de serpentina, entre centeos prodixiosos, veigas de patacas, castalleiras formidables e soutos de [en branco]. A xente anda a arrendar, sempre en silencio, as leiras de millo. E os lugares están desertos, hasta sin cans. Os lugares de sempre. N'un hay o pazo no medio, como un lugar (!). Pero agora dende o adro de Catasós ollamos a montana aberta, morada de carqueixas, cos seus retazos de centeo e a sucesión das amprias montañas que se perden cara os outos do [en branco].

Eirexa.




Inscripción na porta N.

DE HESTA Y GLESA

LA ECVRA PROGURO

DON PABLO DE VEREA SU CURA

Croquis de Sant<sup>o</sup> de Catasós (*bosquexo da planta coas medidas*).



Finísimo altar barroco de talla baixa, con adornos laterales de volutas de tendencia xa rococó.

Na saqristía caxoneira de arte popular.

Batea das ánimas de madeira (*debuxo*).



Imaxen curiosísima na sagristía; un salvador  
ca man dereita cos dous dedos ergueitos,  
baixa, á altura da cintura e na outra man un copón.


Na fachada barroca, imaxe de Santiago.

Os altares laterales barrocos, moi inferiores ó central.

San Fins de Xesta.

Sinxelísima. Rectangular. Porta sinxeliña. Espadana. Non ten nada. Non  
vimos o interior, pero non val a pena.

Sartegos de Xesta (*boceto dun sartego*).



## NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/1)

### CATASÓS

1741 – Os arcos das colaterales foron feitos por Simón de Tosar Mestre de cantería (libro fábrica 8 nov 1741 – fol. 95).

1742? Os retabros correspondentes executounos concertounos en 800 reás Juan Sarrapio escultor (fol.96) son de Sta. Ana e S. Antonio.

En 1744 pagáronse 640 reás a Ventura Varela, pintor, pol-a pintura dos colateras de Catasós (fol.98). En 60 reás pintou a imaxe de Santa Ana.

No 1746 fíxose unha colateral ou Sagristía, en 915 reás (fol.100 vº) que logo foi substituída.

1747. Alfaias de Catasós.

Copón de prata en que se guarda dentro la custodia del SS<sup>mo</sup> Sacramento.

“Un relicario de prata” (con reliquias de Santa Ana, S. Sebastián e Sta. Águeda, que dera de esmola don Pº. Joseph Montenegro)

Otro relicario de beril simple de prata con sus bidros...

Una lampara de prata que dio de limosna el Dr. D. Carlos Montenegro, colegial de Fonseca. Cruz de Plata.

fols. 102 r e ss.

1749. Elevouse a capeliña antiga q. era moi baixa e fíxose retablo do Carme e S. Sebastián. (fol.106).

1750. Gastáronse en madeira e fabrica do altar maior 18 reás (fol. 107).

50 reás pol-a feitura da imaxe de S. Sebastián (1 vid.).

1751. Pintouse e dourouse o retablo maior, que costou ca feitura i elevación da capela 4.100 reás mais 1.000 reás que costou o incensario pra funciones solemnes das dúas eirexas (Moneixas e Catasós) (fol.107 vº).

1753. O campanario de Catasós custou 1.100 reás (fol.120).

1754 – Fabricouse a capela de S. Antonio? ou Santiago? (ao medio día de Catasós) e posteriormente a de Sta. Ana e agrandouse a eirexa “a espadana demolida no 1771 “por ser peña (sic) y estar arruinada” (fol.124? fol.144?).

1759 . O arco da capela maior custou 690 reás (fol.151).

1762 . Demoleuse a cap<sup>a</sup> maior e sagristía (fol.239) q. se fixeran no 1738.

1764 . Reedificouse totalmente a capela maior de Catasós e Sagristía. Custou 3.641 reás (fol.159).

1768 . Erguéronse meia vara as paredes de Catasós. Concertouse a obra con Domingo de Senra, carpinteiro, veciño de Vellelle (fol.163).

1771 . Alongouse a eirexa de Catasós a proporción da sua Capela Maior. Custou 3.150 reás (fol.166). Demoleuse fachada y espadana (fol.167).

1814 . Mercouse ao plateiro de Lugo Josef Lis unha culler de prata sobredourada para un caliz, en 14 reás (fol.217).

1737 . Capelas colateraes e arco da capela maor. Espadana e coroa da efixe do Carme e neno Xesús.

1739 . Reparouse e pintouse o retabliño antigo (en Puxallos, no s.XVIII). Fabricouse o Presbiterio da antiga capela maior e o cruceiro do campo de Catasós (fol.92), que fixo (1737) Alberte Pichel, veciño de Negreiros.

1737 . A sagristía a fixo Francisco García, veciño de Moimenta.

“ . Levantouse a Cap<sup>a</sup> maior e fixose tragalús.


“ . Fixéronse os colateraes, que non-os había, e nichos nas paredes.

Fíxose o retablo maior en Louredo, e o pintou Gregorio Casal, veciño de Santiago.

Retablos lateraes en neoclásico e na capela da esquerda retabliño barroco compostelánn (foto).

Exterior

Fachada do XIX con porta de dintel adoelado,  $\frac{1}{2}$  círculo de lús e remate encurvado, sobor do que vai a espadana rematada en sobre alzado frontón curvo (*bosquexo da espadana*).




Aparello de Sillería. Obeliscos de esquina do xeito que se diseña, e nos muros lateraes aparello de cachote con machos de sillar (*bosquexos de remates e muros*).



No muro N. rosetas dos intercanicelos.


No ouso fiestra de meio punto con fino xunquillo, cicais lembranza da antiga fiestra románica.

No muro da Epístola, na esquina do ouso, contraforte de verteaugas incorporado no aparello do muro, e na porción inferior do ouso, zócalo. Na mesma parede, e como contraforte do forneiro da capela maior, columna adosada con garras.



Meio tapado pol-a capela lateral epístola, de data moi posterior, o contraforte prismático recto do arco toral.

Alzado (*bosquexo de alzado*).



## NOTAS SOLTAS (Familia González García-Paz, 3-27)

Catasós.

Igrexa de Sto. de Catasós, anexo de Moneixas.

### Datos do arquivo parroquial de Moneixas.

(Este arquivo ten certo intrés e figuran entre os seus libros algún de Varia que cicais procedan de algunha casa dos arredores).

Os datos que seguen, moi confusos, cicais poden atribuírse en parte a Moneixas.

### Obras na Igrexa.

1737. Levantouse a capela mayor de Catasós e fíxose o tragalús.

“ Fixo a Sagristía, Francisco García, veciño de Moimenta.

“ Fixéronse as capelas colateráis e arco da capela maior.

“ Fíxose a espadana.

1739. Fabricouse o presbiterio da antiga capela m<sup>or</sup> L.II, fol.92.

1741, 8 nov. Os arcos dos colaterais de Catasós foron feitos por Simón de Tosar, maestro de cantería (Libro de fábrica. I, fol.95).

1742. A mesma noticia sin dar nome. (L.II, fol.96).

1746. Fíxose en Catasós unha colateral ou sagristía en 915 reás (1 vid, I, fol-100v<sup>o</sup>) (a mesma noticia añadindo que logo foi substituída n-outro libro. II, fol.106).

1749. Elevouse a capeliña antiga e maior que era moi baixa. (fol.106. Libro II).

1754. Fabricouse a capela de Santiago na parte do mediodía e posteriormente a capela de Sta. Ana e a espadana, demolida no tempo que se alongou a igrexa (fol.144-Libro II). (Noutro libro, I fol.120. consta costou o campanario de Catasós 1.100 reás).

Imaxes.



1744. Pintouse por Ventura Varela a imaxe de Sta. Ana. Costou 60 reás (lib. I. fol.107).

Xoias.

Un inventario do 1747 da o seguinte:

1 copón de prata en que se guarda dentro la custodia del SS<sup>mo</sup> Sacramento.

1 relicario de prata (con reliquias de Sta. Ana, S. Sebastian e Sta Águeda, que dera de esmola D. Pedro Joseph Montenegro).

Otro relicario de beril simple de prata con sus bidros.

Una lámpara de prata que dio de limosna el Dr. Don Carlos Montenegro, colegial da Fonseca.

Cruz de prata... (Lib.I fol.102 v<sup>o</sup>ss).

En 1751 gastáronse 1.000 reás n-un inciensario para as funcións solemnes das dúas igrexas. [Libro I. fol.107].

En 1804 mercouse en 14 reás ao plateiro de Lugo Goseph Lis unha culler de prata sobredourada para un calis (Lib. II. fol: 217).

Catasós

Retablos e xoias.

Retablo maior.

1737. Fixose o retablo maior en Louredo e pintouno Gregorio Casal, veciño de Santiago. (Lib.II de Fábrica).

1739. Reparouse e pintouse o retablo antigo trasladado a Puxallos xa no s.XVIII. Lib. II – fol.92).

1750. Gastáronse en madeira e fábrica do altar maior 18 reás (Lib.I.fol.107).

1751. Pintouse e donou o retablo mayor de Catasós, que costou ca feitura y elevación da capela 4.100 reás (Lib.I, fol.107 v<sup>o</sup>).

(No 1750 di o Lib.II, tamén fol.107 v<sup>o</sup> )

Colaterales.

1737. Fixéronse os dous colaterales, que no nos había (lib.II).

1742. Juan Sarrapio, escultor concertou en 800 reás os colaterales de Catasós (Lib.I fol.96). (Eran advocación de Sta. Ana e Santº. Lib. II, f.96).

1744. A Ventura Varela pintor pagáronsele 640 reás pol-a pintura dos colaterales de Catasós. (Lib.I, II, fol.98] [o lib.II dí 1743).

1745. Coincide este outro libro ca noticia da fábrica nova da capela de S. Antonio (sic. S. Antº) “al mediodía de Catasós” e amplíase a igrexa “por ser peña (sic) y estar arruinada” (fol.124-Libro I).

1759. O arco da capela maor custou 69 reás (fol. 151 vº Lib. I).

1761. Demoleuse a Capela Maior e Sagristía, que se fixeran no 1738 e fixéronse de novo (fol.159).

1762. A mesma noticia anterior. Engaden, custou a obra 3.641 reás (L.II. f.239).

1764. Reedificouse totalmente a Capela maior de Catasós e Sagristía. Custou 3.641 reás (fol.159-Libro I).

1768. Erguéronse media vara as paredes de Catasós. Concertouse a obra con Domingo de Senra, carpinteiro, veciño de Vellelle. (fol.163.Libro I).

1771. Alargouse a nave da igrexa de Catasós “a proporción de su Capª maor”. Custou a obra 3.150 reás (fol.166. Lib.I). (A mesma noticia no outro libro II. fol. 167 engade que foi demolida a fachada antiga).

En 1737, Alberte Pichel, veciño de Negreiros, fixo o cruceiro do Campo de Catasós. (O libro II di 1739, fol.92).

Igrexa de Don Ramiro.

### *Pazo de Don Freán*

#### **NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/3)**

##### Pazo de Don Freán

Espléndido de planta y de muebles.

Propiedad de (en blanco).

3 tablas de caza y toros muy graciosos. Muebles procedentes de la casa.

Muebles que interesan:

Armario muy gracioso con escudo.

Camas espléndidas.


Cuadros modernos y buenos.

Archivo.

Cocina en lo que fue preparada para capilla? Creo que no.

Policromía en rojo mármol, verde jaspe y dorado.

Casetones pintados  
(bosquexo de armario).




Merece una planta.

\*\*\*

Unha eirexa co apóstol pequeno na fachada (Catasós).

Catasós, precioso retablo grande de barroco de baixo relieve.



(Debuxo de paisaxe coas altitudes).

Padre Nuestro pequeniño / pol-o ceo vai ruxindo / leva lus e leva lume.

Preguntando por Jesús / e Jesús está na cruz / i-a cruz está no altar.

Fuerte Madanela tente / non me veñas lastimar / estas son as cinco llagas / que por ti han de pasar / pequeniñas e grandiñas / todas chas ei de salvar.

Pra a garganta.

Un hueso de canal dos porcos e bótase por fora aquilo que teñen dentro (ou gárgaras de vinagre e mel).

[Ceciple]- flor de sabugueiro ou saíl das fábricas.

Pras queimaduras.

Viño e auga de neve (que se pon a derreter e se garda).

Hay unha muller en [Centrosa] que ven os días de feira a Lalín.

Pra os oídos o San Martiño que é moi abogado.

Si ven o aire do Candán, auga na man.

Si ven de Goyás, tempo bó e nada máis.

Os de Catasós catorce veciños e quince ladrós.

Tres lugar hai na Hespaña / todos tres teñen o Don / Don Freán e Don Ramiro / i-a Santa Eulalia en Don Sión.

Andivécheste alabando / de cousas de non debías / dichesme un bico na sombra / que na cara non podías.

Arrásate coto verde / deixa clarear a luna / en cuanto no veo mi amante / non vexo cousa ningunha.

O Cibeiro de Agruchave, ese dí moitas cousas de antes de morrer a xente. Aínda unha disgracia que houbo en Vellelle dixo quince días antes que ía haber enterro na aldeia.

Un de Figueiroa tamén vira o espírito do fillo denantes de llo matar nun souto.

Avelina da Calzada cando veu para a Carballeira de Moure sintiu ás tres da mañán como si cairan os carballeiros todos. E chamou pol-o home. E foi cando deron en quitar a Carballeira e morrera un home.

[Pintura] de Soutolongo Manuel González.

Forno da casa de José Alvarellós. Lugar do Corpiño.

Maruxiña vai ao Muiño / que che han ter acabado / ca faldriña do canizo / barreral-o tremiñado (onde cae a fariña).

Como queres que che quera / e que che teña afición / si outros paxariños [quedan] / dentro do meu corazón.

Como queres que ch'eu queira / e que che teña cariño / .... /....

Si queres que eu te queira / has de olvidar a quen amas / que un corpo tan pequeno / non pode caber dúas almas.

Agora que yo me voy / quedas a tu libertá / puedes hablar con quien quieras / que a mí tanto se me dá.

Sempre me anda perg[untando] / de que romaría veño / veño de Santa Mariña / de Santa Mariña veño (de Vellelle).

A [ferrellada] de Vellelle unha [romería] que lle chaman así, moi pequena cunha [espesteira] sen un [agro] de pau, por eso lle chaman así.

Has de darme un abrazo / dos que das ao teu marido. / O meu marido vai fora / lévame os brazos consigo.

Casadiña de tres días / xa levaches unha tunda. / Si as solteiriñas cho saben / non se casa ningunha.

Si queres o desafío / co a punta da navalla, / si querel-o desafío / vaino buscar a Parada.

Andan as capeliñas polas casas.

Foto 7 Castro de Catasós. [Pasamos] casa de Martínez.

\*\*\*

Día Sábado tarde. Castro de Catasós.

Ao S. e SE os retallos violáceos e centeos como unha capa de [mendigo].


SE.- [Martíño] / Dozón.

S.- Coco... / Candán / Zobra / Castro de Soutolongo.

W.- Pico Sagro.

N.- Castro de Goyás (+ acá Lalín, no se ve).

## Xeiras de Deza Cadernos de campo



[Pazo] en Catasós (*bosquexo de muro*).

Pan doente tente en ti / como Dios estivo en sí / San Miguel e Santo Eutelo  
/ están antre min e ti.